

INICIATIVA ■ O proxecto educativo do Plan de Acción contra o Cambio Climático chega ós rapaces de 5º e 6º ■ Co videoxogo CLMNTK os alumnos tomarán decisións sobre xestión enerxética e do territorio ■ Disporán tamén dunha novela, 'A treboada de C', e dun cómic, 'Palmira e Marcial, odisea espacial'

Climántica leva ás aulas de primaria a educación ambiental


Presentouse a segunda das oito unidades didácticas previstas, titulada 'Se queimamos, quentamos'

Redacción · Santiago

O proxecto educativo Climántica, posto en marcha pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, chegará este ano, na súa segunda fase, aos escolares de Educación Primaria, tras dous anos de implantación no ensino secundario, no que integrou unha rede formada por preto de doce mil alumnos.

A conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, Laura Sánchez Piñón, e o conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Manuel Vázquez, presentaron onte no Museo Pedagógico de Galicia (Mupega), en Santiago, as novidades do proxecto de educación ambiental, que pretende introducir os estudantes en problemáticas relacionadas co cambio climático.

Os titulares de Educación e Medio Ambiente explicaron que se implantarán nos cursos de quinto e sexto de Educación Primaria tres novas ferramentas que acheguen aos rapaces o cambio climático dende o punto de vista das solucións enerxéticas, claves na resolución do problema. Así, dispoñerán dun videoxogo, CLMNTK, no que se toman decisións sobre xestión enerxética e do territorio para a solución do



Cartel da campaña de divulgación de Climántica en Educación Primaria

12.000 rapaces e 200 centros

Nos dous últimos anos, Climántica distribuíu libros en máis de 200 centros educativos e contou coa participación de preto de 12.000 escolares, lembrou conselleiro de Medio Ambiente.

cambio climático; de 'Contos climánticos', coa súa primeira entrega, a novela *A Treboada de C* e o segundo número do cómic *Palmira e Marcial, odisea ambiental*. Ademais, desenvolveuse un libro para o profesor con actividades globais para o estudante.

No marco da xornada informativa para docentes que se desenvolveu onte, presentouse tamén a segunda unidade didáctica

do proxecto (das oito que se compón), titulada *Se queimamos, quentamos*, indicada especialmente para os rapaces de primaria xa que nela se expoñen as solucións e medidas específicas para mitigar o cambio climático, abordando os ciclos enerxéticos e vinculándoos coas revolucións enerxéticas históricas. A primeira unidade, *Cambia o clima*, implantouse hai dous anos nas aulas de secundaria, así mesmo, editouse o libro interdisciplinar para a ESO *Climaeucambio*, onde se tratan todas as áreas e competencias básicas baixo o fío condutor do clima e o cambio climático.

Unha das mellores experiencias educativas

O conselleiro de Medio Ambiente, Manuel Vázquez, cualificou o proxecto Climántica como "unha das mellores experiencias educativas para a sensibilización sobre o cambio climático" e agradeceu a colaboración da Consellería de Educación para facilitar a súa entrada nas aulas, co fin de garantir que as novas xeracións "acaden un compromiso máis firme na loita contra o cambio climático".

Pola súa banda, a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, Laura Sánchez Piñón, salientou que "o cambio climático é un dos temas clave neste século XXI", e afirmou que a educación ambiental constitúe "un elemento crucial para afrontar de xeito conxunto e multidisciplinar un fenómeno que inflúe no devir do noso contorno máis próximo e tamén no do planeta".●